



ACTA Nº 2022/3

Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Sala de sesións da Casa do Concello, venres 25 de febreiro de 2022

No día de hoxe, ás 09:04 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

PP

D.^a Raquel Rodríguez Amigo

D. Francisco M. Calzas Suárez

ADIANTE VIMIANZO

D.^a Marta Rey Lema

D. Eugenio Vidal Quintáns

D. Francisco Javier Trillo Pazos

D. Manuel Lorenzo Hermida

AUSENCIAS:

ADIANTE VIMIANZO

D.^a María Jesús Barbeira Pose

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juíz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada

Dna. Marta Rey Lema excusa a ausencia de Dna. María Jesús Barbeira Pose por motivos laborais.



Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na,

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 28 de xaneiro e 10 de febreiro de 2022.

2º. Ditame sobre moción presentada polo PSdeG-PSOE referente ao recoñecemento e apoio á "Vía Celtica" como camiño de peregrinación a Santiago.

3º.- Ditame sobre moción presentada polo PSdeG-PSOE referente ao apoio ás persoas afectadas polo expediente de procedemento simplificado de valoración catastral no Concello de Vimianzo.

B) Sección de control

4º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

5º. Dación de conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2021.

6º. Mocións de urxencia.

7º. Rogos e preguntas.

Comeza o debate e votación da orde do día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 28 de xaneiro e 10 de febreiro de 2022.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Ao non manifestar ningunha observación sobre as mesmas, quedan aprobadas por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 28 de xaneiro e 10 de febreiro de 2022.

2º. Ditame sobre moción presentada polo PSdeG-PSOE referente ao recoñecemento e apoio á "Vía Celtica" como camiño de peregrinación a Santiago.



O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, celebrada o 22 de febreiro de 2022 que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame referente a moción presentada polo PsdeG-PSOE sobre o recoñecemento e apoio á "Vía Céltica" como camiño de peregrinación a Santiago

O secretario dá conta da moción presentada polo PsdeG-PSOE na data do 16 de febreiro de 2022, con RE 20220000000574, en relación ao recoñecemento e apoio á Vía Céltica como camiño de peregrinación a Santiago, e que dí o seguinte:

"D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez, en calidade de voceira do grupo municipal PsdeG-PSOE, ao abeiro dos art. 91.4 e 97.3 do RD 2569/86 (ROF), presenta para a súa consideración a debate no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, a seguinte,

Moción sobre o recoñecemento e apoio á "Vía Céltica" como camiño de peregrinación a Santiago,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 27 de novembro de 2021 o Coengo Delegado de Peregrinacións da Catedral de Santiago acordaba en nome do Cabildo Compostelano o recoñecemento oficial da Igrexa para o histórico camiño de peregrinación a Santiago desde os portos da Costa da Morte e de Bergantiños pasando por Portomouro: a denominada "Vía Céltica", que recibe o seu nome do antigo condado ou "*comisso de Celticos*", polo que transcorre.

A Vía Céltica ten un tramo común entre Santa María de Paramos (Val do Dubra) e Santiago de Compostela (de 20 km), superando o río Tambre a través da ponte de Porto Mouro, e dous grandes ramais que vertebran todo un territorio: o camiño marítimo desde os portos de Bergantiños, que chega a Paramos desde Laxe, Ponteceso, Corme, Barizo, Malpica ou Caión; e o camiño marítimo desde a ría de Camariñas e Muxía, que chega a Paramos desde os portos de Camariñas, Ponte do Porto, Santiago de Cereixo e Muxía, cunha variante que sigue os pasos da *Translatio* por Fisterra, Corcubión e Cee.

Para obter a Compostela, os peregrinos deben realizar unha ruta de cada un dos dous ramais principais da Vía Céltica. Isto é: percorrer o camiño a Santiago partindo desde algún dos portos de Bergantiños (Caión, Malpica, Laxe, Ponteceso, Corme ou Barizo) e realizar o camiño desde algún dos portos da Costa da Morte (Camariñas, Ponte do Porto, Santiago de Cereixo, Muxía, Fisterra, Cee ou Corcubión). Alternativamente, poderán percorrer a Vía Céltica por apenas un dos ramais para obter a Compostela aqueles peregrinos que cheguen a calquera deste portos por vía marítima e teñan navegado a vela un mínimo de 100 millas náuticas ou aqueles que acrediten ter realizado a distancia restante para completar os 100 km en itinerarios xacobeos recoñecidos nos seus países de orixe antes do inicio do camiño desde estes portos.

A oficialidade deste itinerario xacobeo permite que os peregrinos que o percorran poidan recibir a prezada "Compostela", que expide a Catedral. Non obstante, tamén implica unha enorme responsabilidade para os concellos polos que transcorre o camiño, como o noso, que non só deben facilitar a experiencia dos peregrinos que queiran descubrir esta vía (mediante unha adecuada sinalización das rutas, a indicación dos lugares de pousada e outros servizos ou a conservación e divulgación dos elementos patrimoniais e históricos presentes ao longo do seu percorrido), máis tamén dinamizar o tecido local para que non deixe pasar esta oportunidade de dinamización económica e cultural.

Polo anterior, preséntanse para a súa aprobación polo Pleno, os seguintes **ACORDOS**:

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



Recoñecer a “Vía Céltica” como camiño de peregrinación a Santiago dentro do termo municipal e adoptar o compromiso do Concello de velar pola súa protección, conservación, estudo, divulgación e dignificación.

Manifestar o compromiso do Concello a utilizar todos os medios materiais e humanos dos que dispón para a consecución dos obxectivos expresados no punto anterior, así como á procura activa do financiamento adicional que sexa necesario para o seu mellor desenvolvemento.

Expresar o agradecemento a todas as persoas e entidades que fixeron posible a recuperación desta vía de peregrinación, ofrecendo asimesmo o seu apoio a todas os colectivos locais que desexen implicarse na posta en valor e aproveitamento do camiño ao seu paso polo noso Concello.

Vimianzo, 15 de febreiro de 2022

Mónica Rodríguez Ordóñez

Voceira do grupo municipal PsdeG-PSOE.”

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por dous votos a favor do PsdeG-PSOE, tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, acorda ditaminar favorablemente a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Recoñecer a “Vía Céltica” como camiño de peregrinación a Santiago dentro do termo municipal e adoptar o compromiso do Concello de velar pola súa protección, conservación, estudo, divulgación e dignificación.

SEGUNDO.- Manifestar o compromiso do Concello a utilizar todos os medios materiais e humanos dos que dispón para a consecución dos obxectivos expresados no punto anterior, así como á procura activa do financiamento adicional que sexa necesario para o seu mellor desenvolvemento.

TERCEIRO.- Expresar o agradecemento a todas as persoas e entidades que fixeron posible a recuperación desta vía de peregrinación, ofrecendo asimesmo o seu apoio a todas os colectivos locais que desexen implicarse na posta en valor e aproveitamento do camiño ao seu paso polo noso Concello.”

A Alcaldesa explica que suscribe a moción o seu partido político sen intención de levar algun galón, senón que por razóns formais debe ser un grupo municipal que propoña este tipo de mocións e solicita a unanimidade.

Dna. Raquel Rodríguez dí que está a favor da iniciativa pero que a través da xunta de voceiros poderíase facer conxunta.

Dna. Marta Rey coincide coa súa compañeira de corporación xa que estamos ante unha declaración institucional e a apoian xa que Cereixo é un porto do Xacobeo e a ver se se pode facer realidade sendo o ideal que esta declaración fora proposta por tódolos grupos municipais.

A Alcaldesa-Presidenta traslada que foi por motivos formais pero que se considere proposta de tódolos Grupos Municipais.



Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

3º.- Ditame sobre moción presentada polo PsdeG-PSOE referente ao apoio ás persoas afectadas polo expediente de procedemento simplificado de valoración catastral no Concello de Vimianzo.

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, celebrada o 22 de febreiro de 2022 que se reproduce a continuación:

"2. Proposta de ditame referente a moción presentada polo PsdeG-PSOE sobre apoio ás persoas afectadas polo expediente de procedemento simplificado de valoración catastral no Concello de Vimianzo

O secretario dá conta da moción presentada polo PsdeG-PSOE na data do 17 de febreiro de 2022, con RE 20220000000594, en relación ao apoio ás persoas afectadas polo expediente de procedemento simplificado de valoración catastral neste Concello, e que dí o seguinte:

"MOCIÓN DE APOIO ÁS PERSOAS AFECTADAS POLO EXPEDIENTE DE PROCEDIMENTO SIMPLIFICADO DE VALORACIÓN CATASTRAL COLECTIVA NO CONCELLO DE VIMIANZO

Dende a Xerencia Territorial do Castastro, iniciouse de oficio un procedemento simplificado de valoración colectiva, do cal no concello de Vimianzo non se tivo constancia, nin se lle dou traslado para que se poidesen realizar as alegacións ou trámites oportunos.

Debido a esta situación, dende fai unha semana os servizos técnicos municipais están desbordados pola afluencia de veciños/as para facer consultas, reclamacións, etc, en relación ao dito expediente.

Por ese motivo, vemos, que dende o concello se teñen que poñer a disposición de toda a veciñanza, todos os medios necesarios e incluso recorrer a medios de asesoramento externo, co fin de proporcionar o máximo apoio e asesoramento á veciñanza para evitar os danos, prexuízos e preocupacións que este actuación levada a cabo pola xerencia do catastro lle está a producir a toda a nosa veciñanza.

Tendo en conta o escaso tempo que se concede para facer as alegacións oportunas para emendar os masivos erros que se están atopando nas comunicacións enviadas, vemos necesario e urxente solicitar a suspensión da tramitación do expediente ou a ampliación dos prazos de alegacións, dada a cantidade de destinatarios que se ven afectados por este expediente, tendo en conta que Vimianzo ten 133 núcleos e existe unha imposibilidade material de atender a estes requirimentos, facer alegacións ou reclamacións, no prazo outorgado.

Tamén, cómpre poñer de manifesto, que a tramitación deste expediente por parte da xerencia levouse a cabo durante dous anos e só se lle permite a miles de veciños/as un ínfimo prazo de alegacións; coa dificultade engadida a esta situación, dos escasos medios materiais, dixitais, etc

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



dos que pode dispoñer neste breve período temporal a veciñanza dun municipio rural e envellecido. Tendo en conta, ademais da preocupación e o prexuízo dos gastos que se poidan derivar inxustamente para a veciñanza, derivados dos múltiples erros que se están a detectar en cada expediente, e dos que achegamos tres exemplos nos cales é claro e evidente que a delimitación de Catastro non coincide coa delimitación das nosas normas subsidiarias.

Por outro lado, se ben é indudable que o procedemento simplificado de valoración colectiva catastral e o carácter urbano dos terreos que así os considera dita normativa, ten reflexo no dereito positivo, non é baladí a afirmación constitucional relativa a que a administración está supeditada a lei e ó dereito.

Isto non é unha mera tautoloxía, senón que promove valorar a actuación administrativa en base a principios xerais de dereito, contexto histórico, boa fé, confianza lexítima e en fin, a proporcionalidade, necesidade e idoneidade da actuación e do momento da mesma.

Dito esto, antoxase non só totalmente inoportuno e insensible o procedemento de revisión catastral que se pretende, senón tamén discutible correcto á vista da documentación obrante no expediente, e contraria a precedentes deste tipo de intervencións administrativas que deberían partir da instancia de parte do municipio afectado que o fin e o cabo e quen recibe o importe das cuotas tributarias devengadas e aboadas.

Como dicía Montesquieu, un feito non é xusto polo feito de ser lei, senón que por ser xusto debe ser lei.

Esta afirmación nos leva a valorar a discrepancia sustancial que existe entre a valoración como chan urbano a efectos catastrais coas consecuencias fiscais que iso conleva, fronte a consideración de chan urbano a efectos urbanísticos, o que na maioría dos casos afectados neste expediente supón a imposibilidade de materializar o aproveitamento edificatorio de moitas fincas por carecer das condicións urbanísticas para elo, ou estar condicionadas por afeccións de todo tipo, pero que paradoxicamente a efectos catastrais teñen a condición de urbanas o que supón un réxime de aplicación de ponencias de valores de especial relevancia perxudicial.

É máis, estaríamos ante unha grosera vulneración do principio de igualdade, pois se está a valorar de xeito similar situacións que de feito, na realidade, son sustancialmente antagónicas, polo que desde esta moción, e sabendo que a administración local carece de competencias nesta materia, pero sí que a relación entre as administracións debe basarse en principios de lealdade institucional, e co fin de adecuar as normas á realidade e non viceversa, propónse unha reflexión co fin de evitar este tipo de situacións equiparando e modificando a lei, como así se fixo en múltiples ocasións para prevenir actuacións confiscatorias.

Á vista do exposto, dende o grupo municipal do PsdeG-PSOE de Vimianzo, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.-Solicitar á xerencia territorial do catastro a suspensión da tramitación do expediente ou a ampliación dos prazos outorgados para alegar.



Segundo.-Que se poñan a disposición da veciñanza unha equipo de persoal técnico especializado para ofrecer o apoio e asesoramento necesario para a realización de todos os trámites necesarios relativos ao expediente simplificado de valoración colectiva co fin de evitar os danos ou prexuízos que deste procedemento se poidan derivar na veciñanza deste municipio.

Terceiro:- Dar traslado deste acordo ós organismos implicados e publicalo no taboleiro da corporación.

Vimianzo, a 17 de febreiro de 2022

A portavoz do grupo municipal PsdeG-PSOE de Vimianzo
Mónica Rodríguez Ordóñez."

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por dous votos a favor do PsdeG-PSOE, tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, acorda ditaminar favorablemente a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.-Solicitar á xerencia territorial do catastro a suspensión da tramitación do expediente ou a ampliación dos prazos outorgados para alegar.

SEGUNDO.-Que se poñan a disposición da veciñanza unha equipo de persoal técnico especializado para ofrecer o apoio e asesoramento necesario para a realización de todos os trámites necesarios relativos ao expediente simplificado de valoración colectiva co fin de evitar os danos ou prexuízos que deste procedemento se poidan derivar na veciñanza deste municipio.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo ós organismos implicados e publicalo no taboleiro da corporación."

A Alcadesa-Presidenta explica o que todos saben en relación con este asunto, que non se deu audiencia ó concello e os veciños están a recibir cartas que modifican a súa calificación a urbano a efectos catastrais coas consecuencias gravosas que iso conleva. Continúa manifestando que non é o momento de facelo e se reuniu co catastro en Coruña e se valorou traer esta moción co fin de asesorar ós interesados e detectados moitísimos erros co fin de tratar de danar ós veciños o menos posible.

Dna. Raquel Rodríguez dí que están dacordo con que debía paralizarse de xeito inmediato o procedemento non sendo exclusiva a proposta de ningún partido e solicitaría que se fixera unha Xunta de Voceiros para facer esta proposta de xeito corporativo.

Dna. Marta Rey concorda co que dí a súa compañeira de corporación e considera que hai confusión entre partido político e goberno. Non está dacordo coa exposición de motivos e o acordo xa que se solicita ampliación de prazos cando o que habería que solicitar unicamente sería a paralización ou suspensión do proceso e o equipo de apoio xa está contratado non estando claras as súas funcións.

A Alcadesa-Presidenta recorda que na comisión informativa non se manifestou nada no senso plantexado e que amáis, por prazos de remisión do expediente por parte de catastro unha vez



solicitado e dados os prazos de convocatoria da comisión e a premura polo prexuízo producido, había que presentar a moción de xeito inmediato. Por outro lado, o que se quere e suspender o procedemento pero na reunión que se tivo comunicouse que iso non sería posible polo que se engadiu en defecto, a ampliación de prazos. Continúa recordando que no 2003 houbo estudos previos en conxunción coa administración e neste caso non se comunicou nada.

A intención non era unha cousa ou outra, senón prever que no caso de non conceder a suspensión como así se trasladou, dar unha alternativa como a ampliación.

Continúa reiterando que non pretendía unha moción partidista e que foron horas de vertigo nas que se ubicou o servizo contratado na casa de cultura sen previsión algunha e os tempos foron os que foron.

Interven o Secretario co fin de aclarar a forma da emenda ó contido da parte resolutoria da moción que no punto PRIMEIRO quedaría redactada do seguinte xeito á vista da emenda consensuada oralmente polos membros da corporación:

“PRIMEIRO.-Solicitar á xerencia territorial do catastro a suspensión da tramitación do expediente ou, no caso de non acceder a esta petición, a ampliación dos prazos outorgados para alegar.”

Pásase á votación da emenda obténdose a UNANIMIDADE a favor de tódolos presentes.

Pásase á votación do asunto obténdose a súa aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

B) Sección de control

4º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 28-01-2022 con número 68/2022 ata o día 22-02-2022 con número 190/2022.

O Pleno do Concello douse por enterado.

5º. Dación de conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2021.

Dase conta da Resolución da Alcaldía núm. 66/2022 do 25/02/2022, pola que se aproba a liquidación do orzamento do exercicio 2021.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

6º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

7º. Rogos e preguntas.

Dna. Raquel Rodríguez pregunta como está o tema do muro das escolas en Carnés.



Dna. Marta Rey manifesta que non faran rogos ou preguntas.

A Alcaldesa- Presidenta contesta que é consciente da situación do muro pero o problema é que non é propiedade municipal senón da igrexa e xa se falou con eles dado o carácter relevante da obra e a necesidade de abordala.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:51 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz